




As cartas da autoría de Amador Domínguez Pan conforman dous grupos cronolóxicos (1942-1943 e 1948-1949); as do primeiro feixe (quince) foron escritas en Ferrol entre marzo de 1942 e febreiro do 1943 (catro no cárcere naval de “La Escollera”, unha na Base Naval da Graña, dez no castelo de San Felipe, prisión militar) e as do segundo feixe (dúas) redactadas no Cárcere Provincial de Coruña en decembro do 1948 e xaneiro do 1949.

A receptora de todas as do primeiro grupo era a súa curmá Isabel Domínguez, residente en Villanueva de la Serena (Badajoz) a quen Amador se dirixe como irmá. Coido hai algunhas frases, palabras e nomes que se repiten e que son claves, hoxe de imposible interpretación.

O segundo grupo son dúas cartas que Amador escribiu sabendo que por sentenza condenatoria do 14 de novembro do 1948 na causa militar nº433/1948, en aplicación do art. 1º do “Decreto-Ley de Bandidaje y Terrorismo” do 18-IV-1947, ía ser executado só por pertencer a partidas armadas. Estas cartas finais teñen como receptora a María Antonia Calviño Domínguez, a quen Amador denomina como “querida madre”. Son con certeza as máis emotivas, dando conta dunha gran madurez emocional, maior sensibilidade e firmeza diante da morte: *“Supongamos que no existiese la muerte, que viviesemos por espacio de siglos y siglos sufriendo constantes vicisitudes; sería el peor tormento que podría darsenos. La muerte es el descanso de la vida (...). El que sufre es el que queda y no el que se va”*.

Outro feixe está conformado por unha carta de marzo do 1942 dirixida dende Iñás a Amador (tamén con claves), e outras catro (de 1945, 1955, intercambiadas entre familiares, con Amador ao fondo. Destaca a intuición e habilidade de Angelina Nogueira Calviño, a súa muller, á hora de comunicar a fuxida de Amador e de José M^a Díaz Pan.

Amador viviu a súa vida clandestina en tres etapas: aos seus vinte anos comezou a primeira, de xullo do 1936 a outono do 1939. A segunda, a máis activa no combate antifranquista, de agosto do 1944 a xuño do 1947. A terceira, semiagachado, rematou coa súa detención en agosto do 1948. Todo ese tempo conservou a pistola “Astra” 9 mm largo, regulamentaria na Armada e coa que do 20 ao 22 de xullo do 1936 defendera a legalidade republicana a bordo do courazado *España*, en dique no Arsenal de Ferrol.



Amador foi agarrotado o 25 de xaneiro do 1949 no cárcere de Coruña. No mesmo lugar e polo mesmo brutal método alí morreron o 6 de novembro do 1948 José Gómez Gayoso e Antonio Seoane , José Santiago Temprano o 12 de decembro do 1948, catro antifranquistas.

Amador , *Jaime Pimentel*, formaba parte da xeración que coa República, aquel tempo de esperanza, descubriu e gozou das liberdades cívicas, perdidas por todos a conta dunha sublevación militar triunfante e fortemente represiva que mantivo o país no atraso durante corenta anos.

Amador participou no combate contra o fascismo primeiro defendendo a legalidade republicana, despois na única opción de oposición verdadeira naquel tempo, na guerrilla , a democracia armada.

Nada mellor nesta entrega de correspondencia que serve de homenaxe a un antifascista que ler un fragmento dun poema de Claudio RodríguezFer:

*Dende a memoria de cada acto de guerra e de postguerra,
de tortura, de censura,
de depuración, de exilio,
de humillación e de esquecemento
padecidos polos que sufriron sufrimos e sufrirán aínda o mal
de mil novecentos trinta e seis,
a loita continúa
Dende a memoria dos fuxidos polos mares e polos montes
e dos agachados
nos tobos clandestinos
que se opuxeron á tiranía,
contra a represión, a loita continúa,
camaradas, a loita continúa.*

Bernardo Maiz Vázquez
O Seixo de Mugar do
3 de marzo do 2017